En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31678**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o tipo de medidas que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento do establecido no Decreto 294/2008, polo que se declaran como paisaxe protexida os Penedos de Pasarela e Traba”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión 2ª do 26 de xuño de 2018 por/pola director/a xeral de Patrimonio Natural- ao darlle resposta á pregunta 31676, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:20
Nº Rexistro: 34529
Data envío: 10/08/2018 13:20:16.127

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:20:12

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31703**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do Plan especial de dotación e infraestruturas As Costeiras (PE-4), no concello de Baiona”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión 2ª do 26 de xuño de 2018 por/pola director/a xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo- ao darlle resposta á pregunta 31704, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:20
Nº Rexistro: 34528
Data envío: 10/08/2018 13:20:06.768

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:20:03



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31808**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto do tratamento que está a recibir a cultura galega na programación da CRTVG”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia, como así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato Marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Saliéntase tamén que o 31 de maio, o director xeral da CRTVG respostou oralmente a esta cuestión na súa comparecencia mensual ante a Comisión de Control á CRTVG.

Con respecto á información pública sobre os cambios na programación da Radio Galega e do seu programa ‘Diario Cultural’ :

- 1- Unha reestruturación do ‘Diario Cultural’, que pasa a ter 4 edicións diarias e en horarios de máis audiencia. Isto supón pasar de 50 minutos a 100 ao día de ‘Diario Cultural’ en catro bloques diarios.
- 2 - A creación de 3 edicións en directo do ‘Diario Cultural’ na fin de semana, que non existen ata o de agora.
- 3 - A creación dunha canle dixital na que se engadan os contidos do ‘Diario Cultural’.
- 4 - A permanencia do equipo actual e reforzalo con máis persoal.

A proposta da Radio Galega non é máis que un novo cambio de formato, ampliado en duración diaria e en retransmisións, amparado por un estudo previo e pormenorizado da propia grella da Radio galega, das tendencias das audiencias e das novas formas de comportamento e consumo de radio dos oíntes, recollidos en múltiples informes, e así quedou clarificado tras a comparecencia do director xeral da CRTVG citada anteriormente.

Atendendo ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se debe pronunciar ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34272
Data envío: 02/08/2018 14:16:15.881

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/08/2018 14:15:59



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31833**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a participación de centros escolares de Marín e Pontevedra nas actividades de exaltación militar e castrense levadas a cabo con motivo da conmemoración o día 1 de xuño de 2018 do 75 aniversario do asentamento da Escola Naval en Marín”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 31832 na comisión 4ª do 26.6.2018, e pódese consultar no seguinte enlace.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-06-26?part=55991102-da41-47dc-979f-325a6c18875d&start=2858>

Considérase lícito que cada centro educativo, baixo o seu proxecto pedagóxico e coa súa autonomía para decidir, encadre as actividades complementarias formativas que así consideren dentro da legalidade, e que mellor encadren co seu programa do centro, como así fixeron os centros de Marín e Pontevedra dos que se fai referencia nesta iniciativa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34181
Data envío: 01/08/2018 15:22:56.378

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:22:52



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31959**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para a reforma do CEIP de Calo, no concello de Teo**”, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 31958 na comisión 4ª do 26.6.2018, e pódese consultar no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-06-26?part=55991102-da41-47dc-979f-325a6c18875d&start=4444>

No momento da resposta, o proxecto estaba en fase de redacción polo equipo técnico e contando que se cumpra o prazo estipulado.

Unha vez rematado o proxecto seguiremos coa tramitación normal nunha obra desta envergadura para tela rematada o antes posible.

O prazo de execución desta nova obra é de aproximadamente 2 meses, polo que intentaremos levalo a cabo o antes posible intentando interceder en menor medida na actividade educativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34161
Data envío: 01/08/2018 15:17:48.043

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:17:28

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32034**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en relación cos incumprimentos da Autorización Ambiental Integrada detectados nas inspeccións ao vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, na Comisión 2ª celebrada o 4 de xullo de 2018 a través da iniciativa 32031, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 34524
Data envío: 10/08/2018 13:19:35.830

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:19:17

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32808**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto dos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos situados preto de zonas residenciais”**, (publicada no BOPG número 331 do 4 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018, pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31723 e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:18
Nº Rexistro: 34522
Data envío: 10/08/2018 13:18:52.220

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:18:48



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26083**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade laboral existente na empresa concesionaria do mantemento da autovía do Salnés**”, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 26082, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 342, do 27 de xullo de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 76325c16-8730-3595-e747-7ba74cd53f52

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:26
Nº Rexistro: 34571
Data envío: 10/08/2018 13:26:51.182

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:26:47



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26907**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas ao peche definitivo do servizo de internado do Centro de Educación Especial Terra de Ferrol e a privatización da súa xestión, as medidas que van adoptar as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a de Política Social para garantir o seu mantemento, así como a demanda de prazas de internado nese tipo de centros existente en cada provincia galega”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 26908 na Comisión 5ª do día 4.7.2018, e pódese consultar no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-07-04?part=1fbe7c80-0cda-4985-9fc6-3c3297f217d7&start=1189>

No ano 2011 execútase a separación xurídica por parte da Xunta, creando así dous centros con funcións diferentes.

O alumnado maior de 21 anos pasan a un centro residencial e ocupacional de adultos ‘Souto de Leixa’ pasando o centro Terra de Ferrol a prestar servizos educativos correspondentes, entre eles o internado dentro da xornada lectiva.

Polo tanto, o Centro de Educación Especial Terra de Ferrol é na actualidade un centro educativo, e non doutro tipo de centro asistencial.

Un centro educativo que está rexido pola mesma normativa que o resto de centros para alumnado con Necesidades Educativas Especiais que existen en Galicia e que comparten

as mesmas características (Panxón, os centros de Ed. Especial de Santiago- Lama de Abade, O Pedroso, López Navalón...).

Centros cunha función educativa específica que contan con servizo de internado durante os días lectivos, polo tanto, de luns a venres.

E así mesmo pasa con este Centro de Educación Especial Terras de Ferrol, que como centro educativo para alumnado de necesidades educativas especiais, conta con este servizo residencial durante as xornadas lectivas, de luns a venres, entre outras cousas, por razóns pedagóxicas e polo seu propio sentido como centro educativo e non asistencial.

Non hai nin houbo ningunha orde de pechamento do servizo de internado do Centro de Educación Especial Terra de Ferrol e, polo tanto, esta situación non se vai a producir.

O mantemento de dito servizo está garantido pois contamos coas instalacións, persoal, recursos e demanda de luns a venres como establece a lexislación, e acorde ás peticións da dirección do centro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34359
Data envío: 06/08/2018 14:37:40.777

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:37:37



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29122**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego respecto das contías das pensións non contributivas que se están a percibir en Galicia”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A dotación orzamentaria da que dispón a Consellería de Política Social para a partida que permite facer fronte ao pagamento de axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos, permite dar cobertura á totalidade dos perceptores das prestacións mencionadas.

Trátase dunha axuda que se ven concedendo dende 2008 de xeito ininterrompido

Ano	Importe axuda
2008	200 euros
2009	200 euros
2010	206 euros
2011	206 euros
2012	206 euros
2013	206 euros
2014	206 euros
2015	206 euros
2016	206 euros
2017	206 euros

Galicia é unha das CCAA que mantén un complemento destas características, que se aboa de xeito totalmente voluntario.

O pagamento realízase de oficio, unha vez que a Xunta comprobe na súa base de datos que os posibles beneficiarios cumpren coas condicións. Polo tanto, non é preciso presentar solicitude, co que nos aseguramos de chegar a todos os beneficiarios.

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta desta Administración por apoiar ao colectivo en risco de exclusión. Neste senso, conta con múltiples medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, que a efectos de planificación estratéxica se encadran na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, aprobada en decembro de 2014 polo Consello de goberno da Xunta de Galicia, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020.

Así mesmo, dende xuño de 2016 vense desenvolvendo a Axenda Social de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais – Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social, co obxectivo de coordinar esforzos e ofertar novos e mellores recursos para atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión.

A Axenda comprende medidas de diferentes áreas, como as de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial, de promoción de programas e proxectos de inclusión social, ou de atención á dependencia, así como o financiamento de programas e proxectos de inclusión social desenvolvidos por corporacións locais e entidades de iniciativa social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:23
Nº Rexistro: 34545
Data envío: 10/08/2018 13:23:05.818

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:23:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34366
Data envío: 06/08/2018 14:39:05.013

Data 06/08/2018 14:39

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24812**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reportaxe emitida no ‘Telexornal Serán’ da TVG con motivo do 50º aniversario de Felipe VI”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A reportaxe emitida na sección ‘No foco’ do Telexornal Serán centrouse na análise das intervencións públicas do rei Don Filipe coincidindo co seu 50 aniversario.

Os intervincentes na reportaxe foron seleccionados como persoeiros con perfís representativos da sociedade galega e española.

A primeira das invitadas, a primeira, foi dona Carmen Iglesias, catedrática de Historia e preceptora de Don Filipe, pero declinou a invitación por motivos de axenda. A profesora Iglesias foi remplazada polo catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade Autónoma de Madrid, Alfonso Ruiz Miguel, quen deu clase a Don Filipe.

Ademais, a análise dos discursos políticos do Rei contou, entre outros, cun ex-secretario de Estado socialista, José Luís Méndez Romeu e co xornalista Daniel Basteiro, que cubriu a proclamación para o xornal on line El Español.

As testemuñas completáronse con declaracións de representantes políticos de forzas galegas con representación nas Cortes Xerais Españolas.

A narración da reportaxe tratou de recoller distintas sensibilidades para centrarse de maneira

principal na figura do Rei de España e da súa función constitucional. El era o protagonista.

Eses, e non outros foron os criterios, estritamente xornalísticos, que se tiveron en conta para facer unha breve reportaxe que entendemos que si reflicten o pluralismo da sociedade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34366
Data envío: 06/08/2018 14:39:05.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:39:01

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27693**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de seguimento na CRTVG da folga do día 8 de maio de 2018 e a cobertura informativa dada pola TVG”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Cada mes de marzo, arredor do Día da Muller, a Radio e a Televisión de Galicia deseñan unha programación especial que este ano 2018 conviviu coa xestión dunha folga xeral que alterou o traballo da CRTVG.

Do total dos traballadores que secundaron a folga o 88% eran mulleres e 12% homes. Por parte da Dirección de Recursos Humanos da CRTVG non se chamou a ningún traballador para substituír a traballadores ou traballadoras que decidiran exercer o seu dereito á folga.

No que respecta aos contidos dos informativos do día 8, foron levados a cabo cun 85% menos de traballadores e traballadoras habituais. Con ese 15% dos traballadores en servizos mínimos, a CRTVG emitiu unha programación coa que poder visibilizar o feito histórico do paro de mulleres do 8 de marzo de 2018. Elixíuse a imaxe da manifestación de Madrid para abrir o informativo ‘Telexornal Serán’ fundamentalmente porque era unha imaxe impactante dun acto multitudinario do que se tiña sinal en directo, realizada con medios que permitían dar unha idea da súa magnitude, xa que foi a manifestación que congregou máis asistentes en todo o Estado.

Ademais, entre as medidas e decisións que se tomaron para cubrir ás informacións, respectando á vez o dereito a folga dos traballadores durante a xornada do 8 de marzo, houbo que afrontar que a Unidade Mobil Satelital -3, a unidade de directos vía satélite da TVG, na que traballa unha redactora no turno de tarde, estivo parada o 8 de marzo. Así pois, esa tarde non se contou con ese directo, nin

coa posibilidade de usalo tampouco para lanzar imaxes. O traballo de cobertura en directo das concentracións da tarde en Galicia quedou nas mans de dúas mochilas 4-G, ambas operadas por equipos masculinos, tanto de ENG como de redactor, que optaron libremente por traballar. Administrando os recursos dispoñibles, e para garantir que houbera imaxes, optouse por gravar as manifestacións de Santiago e A Coruña, que estaban convocadas para as oito e envíasas a Santiago onde, cun 15 por cento de efectivos en servizos mínimos, o sinal das dúas mochilas se converteu nunha imaxe en soporte cinta, que se editou e se preparou para emitir no informativo das 20:30 horas.

Nun 'Telexornal Serán' de calquera día hai alomenos tres intervencións en directo, e hai persoal recollendo os sinais, e redactores e montadores editando, e neste caso, o 8 de marzo, notouse o impacto da folga. Por iso, o informativo da tarde escolleu unha conexión en directo coa multitudinaria marcha de Madrid, onde o sinal era producido pola FORTA e o xornalista era o delegado da CRTVG, que estaba traballando ese día."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34358
Data envío: 06/08/2018 14:37:33.589

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:37:30



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 29419, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a dispoñibilidade pola CRTVG dalgún protocolo para fomentar a divulgación científica, así como dalgún código de boas prácticas para tratar a información referida a terapias alternativas e pseudociencias, o espazo que ocupa a ciencia no conxunto da súa programación e a realización dalgunha análise da porcentaxe de tempo dos informativos que se destina á divulgación científica”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O criterio que se emprega para a divulgación científica é o mesmo que se aplica para o resto das temática: relevancia, proximidade, urxencia, servizo público etc.

Por ‘divulgación científica’ podemos entender un amplísimo catálogo de materias, todas elas de evidente interese, e todas elas presentes diariamente nos informativos da TVG. Desde a apertura dun novo quirófano, ata avances en I+D+I nas empresas galegas, descubrimentos de laboratorios farmacéuticos, aplicación de novos tratamentos ou os traballos que se desenvolven a cotío nas tres Universidades galegas, a divulgación científica ocupa un lugar destacado nas escaletas dos telexornais da TVG.

Pola contra, as terapias alternativas e pseudociencias non adoitan encontrar espazo nos nosos informativos, e o habitual, como non pode ser doutro xeito, é que estas cuestións se traten con rigor e contrastando a información con expertos na materia.

No que respecta ós informativos da Radio Galega e da TVG non está contabilizado o tempo adicado a este respecto, porque sería complicadísimo facelo, pero practicamente a diario se emite algunha noticia ou entrevista relacionada coa ciencia, cos avances en diversos aspectos da investigación, innovación e desenvolvemento, etc. nalgún dos nosos espazos informativos da Radio Galega, a TVG, da TVG2 e da web www.crtvg.gal.

CVE-PREPAR: 3e81d755-e0d1-64d6-46c0-2d20f0abd101

Os informativos da Radio Galega recollen con frecuencia informacións de carácter divulgativo. Así as cousas, é habitual escoitar nos principais espazos de noticias da radio pública cuestións relacionadas cos avances científicos teóricos e prácticos.

O mesmo acontece na televisión. E non so falamos de pezas nos telexornais, senón reportaxes e entrevistas que con frecuencia xiran arredor das novidades da ciencia, dos adiantos en diversas materias, ou da investigación en Galicia.

Non esquecemos tampouco a tarefa divulgativa que se fai en espazos non diarios hiperespecializados, coma 'O Agro' ou 'Vivir o Mar', referentes nos seus eidos. Ou a que se fai, tamén, desde os espazos de información meteorolóxica. Ademais, a Radio Galega ofrece semanalmente un programa especializado en divulgación científica en colaboración coa Universidade de Santiago. Efervescencia emítese cada domingo ás tres da tarde, e vén de ser galardoado con premio de Xornalismo da Academia Galega das Ciencias 2018. Tamén 'Lambóns Dixitais' na Radio Galega é un espazo adicado íntegramente ás novas tecnoloxías.

En xeral, a atención que a Radio e máis a Televisión de Galicia destinan ós proxectos de investigación científica é realmente elevada e transversal, tocando todos os programas informativos. No frecuente relato destas cuestións búscase sempre o equilibrio entre o tratamento rigoroso e a linguaxe didáctica. Por iso é normal que colaboradores médicos, por exemplo, teñan presenza fixa de xeito semanal nos programas A Revista, de televisión, ou A Tarde, de radio. Tamén é moi salientable a sección que realiza cada semana Jorge Mira, profesor de Física da USC, dentro do mesmo programa radio fónico A Tarde.

De todos modos, para poñerlle cifras a este relato, podemos facer unha busca nos nosos arquivos, cunhas datas e un termo a buscar. Neste caso, os criterios serían amplísimos, e habería que facer numerosas inspeccións, porque no eido da divulgación científica pódense enmarcar centos e centos de noticias.

A modo de exemplo, fixemos tres buscas, e puxemos como data desde o 1 de marzo ata o 19 de abril.

A primeira delas, coa palabra 'ciencia', arroxou un total de 30 noticias. A segunda busca, coa palabra 'descubrimiento', localizou 7 entradas, e a terceira, coa palabra 'científicos', ofreceu máis dunha ducia de pezas. É dicir: case 50 noticias en mes e medio relacionadas coa divulgación científica, entendida esta no máis amplo sentido da expresión.

Seguindo con esta busca, extraemos algúns dos titulares ó azar, para demostrar a amplitude dos temas que se tratan:

- O Centro Oceanográfico da Coruña fai 50 anos.
- Deseñan un sistema que clasifica no barco as capturas da pesca.
- O IES David Buján, de Cambre, referente internacional en proxectos científicos realizados con móbiles e novas tecnoloxías.
- Científicos españois conseguen importantes avances para facer do polbo unha especie acuícola.
- Unha científica galega lidera a clasificación española de impacto de traballos científicos de ciencias da saúde.
- Entrevista a María José Alonso, catedrática de Farmacia da USC: 'Moitos investigadores novos consolidados non ven futuro en España'.
- A UDC organiza unha feira de ciencia en Betanzos na que aprender a través do xogo.
- Premiado un colexio de Redondela por un traballo sobre mulleres científicas.
- O MUNCYT expón un dos catro libros mayas pre-colombinos que se conservan no mundo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:22
Nº Rexistro: 34541
Data envío: 10/08/2018 13:22:33.130

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:22:29



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32736**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas na retransmisión pola CRTVG o día 16 de xuño de 2018 dunha regata correspondente á liga galega de traíñas, e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A CRTVG non quere menoscabar o noso prestixio e en canto a calidade de dita retransmisión de traíñas hai que dicir que a LIGA GALEGA DE TRAIÑAS estaba facendo unha transmisión cunha calidade HD, pero cunha realización fora dos parámetros televisivos que lles esixiramos, completamente errada.

En temporadas anteriores a LIGA GALEGA DE TRAIÑAS xa produciran varias regatas e sempre dentro dos estándares televisivos pero nesta ocasión non foron quen e despois de tratar de arranxalo decidimos curtar a retransmisión.

A CRTVG ten uns medios propios para facer retransmisións, unha cada día da fin de semana e como queremos cubrir moitos mais eventos , para tratar de amosar canto mais deporte galego mellor, chegamos a acordos con distintas federacións, asociacións e entidades para poder emitir as súas producións cando teñen calidade televisiva, e neste caso a realización non foi a axeitada.

O responsable desta transmisión foi a LIGA GALEGA DE TRAIÑAS como se recolle no propio comunicado feito por eles nada mais acabar a regata

COMUNICADO OFICIAL DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS

‘O sábado 16 de xuño, tivo lugar en Baiona a presentación da tempada 2018 da Liga Galega de Traiñeiras. Trátase da tempada máis grande da nosa historia, coa participación de 26 embarcacións entre Liga A, Liga e Liga Feminina.

CVE-PREPAR: 23b625a2-61d9-2cf9-42c8-64fff224f3a0

Tamén se trata do primeiro ano no que a Liga da un paso a diante en canto a difusión do remo en Galicia. Para esta labor, sen dúbida unha das máis importantes desta organización, invertíuse un gran esforzo en poder retransmitir as regatas en directo, como moita xente viña pedindo nos últimos anos. A canle elixida para tal fin foi a canle autonómica da nosa comunidade, a Televisión de Galicia. Sabíamos que o reto era maiúsculo, posto que a nosa relación coa canle dura xa varios anos, nos que se emitiron numerosas regatas e se realizou con gran éxito o programa 'En Xogo Traíñas'.

O noso obxectivo foi dende o principio ser capaces de ofrecer unha emisión de calidade, axudados para isto por un equipo de comunicación profesional e motivado, en consonancia coa directiva e cuns medios técnicos punteiros, que fixesen xustiza aos esixentes estándares da TVG.

Por numerosos motivos a realización do día de hoxe non alcanzou eses estándares. Somos conscientes de que as cousas non saíron de forma adecuada, feito polo cal pedimos desculpas tanto aos afeccionados, principais afectados por este erro, coma aos clubs e á propia TVG. Podemos asegurar que non deixamos de traballar nin un instante nos últimos meses para poder sacar a diante este soño, pero as cousas non saíron como nos tería gustado.

Dende a Liga Galega de Traíñeiras seguiremos a traballar sen descanso para enmendar este erro e poder así facer xustiza a este fermoso deporte, e poder facer así sentir orgullosos a todos os amantes do remo.'

A retransmisión non tivo custo económico algún para CRTVG, xa que era a LIGA GALEGA DE TRAIÑAS encargada de producir e ceder o sinal gratuitamente a CRTVG ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 34523
Data envío: 10/08/2018 13:19:12.157

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:19:07



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727